

Castro: "Os ataques lingüicidas fan que as cousas vaian mal, pero o pobo ten a responsabilidade última"

Francisco Castro publica con Galaxia 'In vino veritas', unha novela "furiosa"

ALBERTO RAMOS

"Temos que levantarnos cada mañá para escribir novelas, para editar libros, para compoñer cancións, temos que seguir pintando. Temos que estar ilusionados e ser optimistas. O contrario lévanos ao suicidio". Con estas palabras, o escritor Francisco Castro (Vigo, 1966) fala dunha actitude ante a marea de malas noticias que chegan para a cultura galega nestes tempos de crise, recortes e turbulencias. "Eu, de natureza, son optimista", admite un Francisco Castro que vén de publicar en Galaxia a súa última obra: *In vino veritas* (Galaxia, 2011). Unha obra que, segundo o propio autor, nace da "furia". Unha furia que, seguramente, resulta imprescindible para enfrontarse a todos os paus que están a caer.

Como definiría esta novela que ten trazos propios da novela negra e que se achega á crítica social sen abondar un ton algo paródico?

A obra estouna a definir como unha novela furiosa. E non é unha etiqueta sen máis, realmente é o estado no que se escribiu a novela. Algunha das presentadoras das tres presentacións que levo até agora sinalou que se trata dunha novela escrita dende a ira e dende un intento de empregar a literatura para facer crítica social. Formalmente é unha novela negra que ten un detective cun caso que resolver e que segue os parámetros do xénero. Pero, ao tempo, tenta facer parodia. O meu é un detective dos de verdade, non de novela policiaca. É un detective dos que hai na Coruña, dos que hai en Vigo e que investigan asuntos de cornos, espionaxe industrial e que tamén teñen que controlar a xente que está de baixa pero que realmente engana a súa empresa. Baixo ese envoltorio, eu o que formulo é unha novela que pretende facer crítica do que eu chamo a telemerda e dos medios de comunicación, concretamente, a televisión. Eu penso que o nivel de parvura no que nos meten os programadores xa non é só inmoral, xa é, sobre todo, ilegal. Boto man, é unha cuestión de estilo, dun narrador moi omnipresente e que é tamén protagonista, que estaba xa en *Xeración perdida* e en *Spam*, que son dúas novelas moi críticas. Parto desa idea de que a literatura non é só simple entretemento, que ten que servir para facer crítica do que estamos vivindo.

De onde xorde esa furia?

Vén de ser unha persoa atenta á actualidade. Como dixo Hegel, "os filósofos son fillos do seu tempo". Cambiemos o de filósofos por escritores como fillos do noso tempo. Unha das posibilidades que temos os escritores é falar do noso tempo e poñer o dedo sobre aquelas parcelas que nos repugnan- Polo menos, eu non son capaz de facelo doutro xeito. E fago extensible esta concepción ao meu blog, á utilización das redes sociais e a calquera outra das miñas facetas literarias e artísticas.

Son tempos de furia para o sector no que traballa, tanto no ámbito literario como editorial. Que nos queda por ver coa situación que hai, coa crise que se vive, cos recortes que sofre a cultura e cos ataques que padece a lingua?

Eu son de natural optimista, incluso en momentos nos que hai motivos para ser moi pesimista. Aínda así, penso que o optimismo vai ser a única actitude que nos vai salvar. Son unha persoa que quere intervir na nosa realidade cultural e quero incidir nunha idea: a responsabilidade é nosa. Evidentemente, os ataques lingüicidas axudan a que as cousas nos vaian tan mal. Evidentemente, a manipulación que o [Partido Popular](#) está a facer da cuestión lingüística axuda a que nos vaia tan mal. Pero eu son dos que din sempre que a sociedade civil é a que ten a última responsabilidade. Se o país estivese a altura da nosa cultura, outro galo cantaría. Eu creo que, independentemente de que a situación apunte cara ao desastre, temos que levantarnos pola mañá para escribir libros, para editar libros, para compoñer cancións, temos que seguir pintando... E agora máis que nunca cómpre estar ilusionado. O contrario lévanos ao suicidio.

Diego Ameixeiras, Domingo Villar e Carlos Reigosa son autores que cultivaron a novela negra en galego. É un xénero que dá moi bos resultados para a literatura do país. É unha fórmula necesaria para captar lectores?

É unha boísima nova os éxitos deste xénero para a literatura galega. Iguálanos con outros moitos sistemas literarios. Neste momento hai un auxe da novela negra. Nunca foi cativo en lectores este xénero, pero agora é un dos xéneros máis exitosos na nosa contorna occidental. Que a cultura galega participe diso é unha gran alegría, unha boa noticia. No caso de Domingo Villar é algo para sacar peito e sacar o noso orgullo por ter un autor que vende tanto, non só en Galicia, senón en moitos lugares E todo partindo do galego. Outra cousa é o que pretendía facer eu aquí. A min apeteciame un pouco xogar co xénero. Ao final todas as críticas



O escritor Francisco Castro /SONIA DAPONTE

e os comentarios que chegan do libro coinciden en que ten unha dose de intriga moi forte e que cumpre con todos os parámetros da novela negra. Claro que si! Eu quería facer parodia, pero quería escribir novela negra.

Varios dos seus libros publicados foron premiados. Os certames é un mecanismo imprescindible para publicar?

Se non fose polos premios sería máis complicado. De cando en vez aparece ese debate sobre se hai demasiados premios literarios. A nosa lingua é unha lingua minorizada, que non minoritaria e, polo tanto e aínda que sexa un topicazo, os premios axudan a visibilizar a literatura galega e é a porta para a edición de autores. Hai moita xente con talento que está farta de enviar as súas obras ás editoriais. Eu sempre digo que hai que ir aos premios e para min o principio foi así. No ano 97, xa con dous libros publicados e varios anos sen publicar nada e con serias dúbidas, a min cambioume a perspectiva sobre o meu propio traballo o premio Lueiro Rey de Novela Curta. Cando recibes un premio, recibes moitos folgos. Eu defendo os premios e, con isto da crise, hai premios moi importantes que están a caer e que temos que facer esforzos para que non desaparezan.